



CIRCULAR INFORMATIVA 24/11/2016

Estimados pais/nais, titores/as:

Queremos informarles sobre os seguintes temas:

1. O vindeiro martes, 29 de novembro, será a **xornada de votación** para a elección dos representantes dos pais/nais no Consello Escolar do Centro.

O horario de votación será de 9:10 a 16:30 horas.

Haberá que marcar dous representantes entre a lista dos candidatos/as propostos.

Será preciso vir identificado (DNI, Carné de conducir, NIE ou pasaporte).

“ANIMÁDEVOS A PARTICIAR!”

2. Campaña de recollida de leite e cacao.

Ata o 7 de decembro recollerase no centro leite e cacao para colaborar coa entidade SOS Tomiño – Baixo Miño na súa campaña “Dalle de almorzar a outro neno/a” que están a desenvolver na nosa comarca.

Poden depositar os alimentos na secretaría

3. Sensibilización ante a diversidade funcional

Nos días próximos ao 3 de decembro, Día Internacional das Persoas con Discapacidade, traballaremos nas aulas con curtametraxes que nos dean a coñecer as potencialidades e dificultades persoais e nos fagan sentir respecto ás diferenzas individuais.

Complementariamente, desenvolveranse no mes de decembro actividades de relación/intercambio cos diversos colectivos da 3ª idade relacionados co noso Proxecto de centro “Coas nosas mans, o teu sorriso”.

4. Lembrar ás familias que os vindeiros 5, 7 e 9 de decembro son **lectivos**.

“La Educación es la vacuna contra la violencia” (B. Franklin)

CEIP Plurilingüe Nº2: Espazo libre de calquera tipo de violencia

Un saúdo

A DIRECCIÓN